
O proxecto A PONTE ofrece cursos de HTML

- Actualizado (08.09.2005)

O día 4 de maio tivo lugar unha xuntanza de traballo na que se impartiu aos "ponteiros" un seminario de creación de páxinas HTML. Este seminario pódese consultar na páxina <http://www.aponte.paisvirtual.com>. Realizouse tamén un intercambio de enlaces a recursos educativos en Internet, que se poden consultar na dirección <http://www.aponte.org/enlaces/enlaces.html>.

Ademais, desenvolvéronse varias mesas redondas, nas que os centros A PONTE foron os protagonistas, e nas que se expuxeron diferentes puntos de vista sobre as novas tecnoloxías e a educación. O día 5 tivo lugar a terceira revisión do proxecto por parte da Comisión europea, que se saldou con resultado positivo, xa que deu luz verde para seguir ata setembro, momento no que rematará oficialmente o proxecto.

Por outra parte, publicarase en novembro deste ano un especial da revista europea CONTEXT (<http://www.context-europe.org/>) que está especializada en educación e novas tecnoloxías. Nesa edición incluíranse varios artigos que escribirán os centros A PONTE relatando a súa experiencia no proxecto.